

## A poesía gañou a partida

**Miro Villar**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

VILLAR, MIRO (2011 [2008]). “A poesía gañou a partida”. *Grial*: 179, 114-115. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/39>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

VILLAR, MIRO (2008). “A poesía gañou a partida”. *Grial*: 179, 114-115.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## A POESÍA GAÑOU A PARTIDA

[RECENSIÓN DO LIBRO DE LUÍS GONZÁLEZ TOSAR *ESTÚRDIGA MATERIA*, 2008]

Miro Villar

Confésolles que cando me chegou ás mans o último libro de poemas de Luís González Tosar, intitulado *Estúrdiga materia*, o primeiro que me chamou poderosamente a atención do novo libro non foi a magnífica ilustración da cuberta da autoría de Quintana Martelo, como o son tamén as cinco láminas que acompañan os textos, senón a sonoridade do título e a presenza dunha palabra «estúrdiga» que descoñecía, malia a miña boa formación como filólogo. De certo, este vocábulo mesmo non adoita aparecer nos grandes dicionarios da nosa lingua, polo que foi ao propio autor a quen lle escoitei explicar o seu significado, «áspera», e mesmo como a recolleu da oralidade, que neste país de nós aínda segue a ser labrega ou mariñeira. E esta foi sempre unha das características esenciais na poética do noso autor, a recuperación do noso léxico patrimonial, das vellas palabras da tribo, que en moitos casos mesmo nacen para o galego literario, esa construción moderna das escritoras e dos escritores, da man do Luís G. Tosar. De feito, a brillante e precisa prosa do «Limiar» de X. L. Méndez Ferrín céntrase nomeadamente en salientar este galego do Irixe ao que cualifica de «fala xenuína, real e depurada de mouletas alleeiras». É obvio que non imos analizar aquí este paratexto, mais aínda é ben recordar como Ferrín narra a presenza, que non pasou desapercibida, de Tosar como alumno nas súas aulas de literatura no Instituto Santa Irene de Vigo, cando con dezasete anos e recién chegado de Benos Aires pronuncia unha conferencia («perfecta» no dicir de Ferrín) sobre o *Martín Fierro* e como de aquí vai nacer o alcume de «Che» co que aínda hoxe é coñecido o noso poeta. Curiosamente, no longo e derradeiro poema do libro, «Rascuños sen data», unhas estrofas lembran o maxisterio de Ferrín a quen retrata —*coa antropoloxía de Lisón Tolosana / debaixo do brazo*— e doutros profesores como Rufo Pérez, que lle recomendou ler *Follas Novas* («*Rosalía revoluciounome enteiro*»), confesa a voz poética), ou de Camilo Nogueira Martínez.

*Estúrdiga materia* divídese en catro apartados, nesa estruturación do libro moi propia do autor. O primeiro «Abrente en cadullado na blasfemia; xuramento» ábrese cun longo poema que recrea, ou talvez inventa, unha conversa con Eduardo Blanco-Amor que devén nunha fermosa lección poética na que se suceden os consellos por parte do mestre, tanto sobre o feito da creación poética como sobre a condición e o oficio do poeta ou sobre o efémero das glorias. A seguir veñen unha decena de poemas que nos falan, sobre todo, do mundo rural e dos seus habitantes, para os dignificaren, textos que unhas veces lembran o abandono e a «resignación dos ermos», mais que tamén recordan os vellos labores que aínda se manteñen, como a vendima ou a castañeira, e non só, pois tamén aparecen outros oficios non tan directamente vencellados á terra como o dos ebanistas. Alén diso, entre todos estes poemas tamén temos «Unicornio en litoral», que relata as desfeitas do medio

mariño, ou «Aveños para canción» sobre a lingua, con versos contundentes coma estes «*Así é como nacen as palabras; / as que son narrativas, as que van e veñen, poéticas, as que permanecen*». Endebén, esta substancia poética das palabras non só está na recuperación patrimonial, adoito arrequentada pola presenza de topónimos e microtopónimos dos seus territorios naturais, pois tamén atopamos a utilización de moitas palabras que non acostuman formar parte dos textos poéticos, velaí por exemplo a música «chill out», o «mp3» ou o «piercing» dun texto posterior.

Na segunda parte «Matria carcoal no lusco fusco» a poética vólvese máis épica. Nela sobrancea o longo poema narrativo «Desamparado verbo», de afirmación da nosa identidade colectiva como pobo, a xeito de crónica que percorre a Galicia da represión sobre os mártires de Carral (1846), o pre-Rexurdimento e o Rexurdimento (velaí a presenza de Añón, Rosalía, Curros e Pondal), o agrarismo (Basilio Álvarez) e tamén a época Nós (Lousada Diéguez), mais sempre en paralelo con outros acontecementos mundiais como a revolución vermella bolxevique ou a creba de Wall Street, por citarmos os máis importantes, para rematar na vindicación dos coñeci-[115]dos versos de Alfredo Brañas «érguete e anda, como en Irlanda». Este apartado complétase con poemas a Celanova, na se que intúe o neno triste que foi Curros Enríquez, sobre as terras da Amaía, onde é Rosalía a que asoma entre as sombras, o fermoso «Ramón de Sismundi» que dialoga co coñecido poema galego de Lorca, coa presenza de Buenos Aires que é parte da biografía persoal do Luís G. Tosar, a estadía na Piazza S. Marco (que xa fora obxecto poético, aínda que ben diferente, nun dos poemas que en 1989 conformaban o seu *Remol das travesías*), e que finaliza cunha «Elexía a Carlos Casares» (ao que tamén dedicara un poema en 1986 no libro *A caneiro cheo*).

«Contraverso setestrela» é o título da terceira parte, que xunta sete poemas en prosa: «Auga», que se abre cun fermoso verso da evocación «*Entre unha cousa e outra van alá máis de corenta años soñando, devecendo desde lonxe pola auga desta fonte*», que como os seguintes «Viño», «Lume», «Carta», «Amigo» e «Lugar» percorren os lugares e os tempos afastados desde a recordación, ou que nos narran historias como a de Andrei Sichov, o soldado ruso-bashkirio que sofre a tortura do seu superior e a quen tanta dor deixa mudo para sempre. Malia ser un fío que atravesaba todo o libro, sen dúbida é esta a parte máis memorialística.

Finalmente, o cuarto apartado «Brilla, tesoura de Átropos» é o máis misceláneo do conxunto con poemas que introducen a recreación da mitoloxía clásica, como sucede en «Amor de Afrodita», ou que dan conta de actuais novas de prensa que aínda nos conmoven, como o episodio dos mozos palestinos das Brigadas dos Mártires de Al Aqsa, que se relata en «Anuncian as buguinas», para rematar cun longo poema narrativo «Rascuños sen data», do que xa se falou, que converte en materia poética episodios da biografía persoal e sentimental do noso autor, con alusións a diversas xeografías do mundo e a diversos personaxes de moi diferente condición, desde os escritores Derek Walcott e Wole Soyinka a percorreren Compostela até a avoa Esperanza, e que remata coa «*descripción / do percorrido dunha bágoa*», unha presenza final da melancolía que pairou sobre todo esta *Estúrdiga materia* e que bate de fronte con aquel verso incluído na conversa inicial con Eduardo Blanco-Amor «Non xogues coa nostalxia —avisaches—», mais o Luís G. Tosar, o «Che», xogou forte con ela e a poesía gañou a partida.